



Proxecto de decreto polo que se establecen os prezos públicos pola prestación de servizos realizados polo Servizo de Gardacostas de Galicia.

O artigo 43 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que son prezos públicos as contraprestacións pecuniarias percibidas polos suxeitos a que se refire o artigo 3 da citada lei pola prestación de servizos ou realización de actividades efectuadas en réxime de dereito público cando, prestándose tamén tales servizos ou actividades polo sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos/das administrados/as; a estes efectos enténdese que os servizos sociais, sanitarios e educativos se prestan en réxime de dereito público. O artigo 47 da citada lei dispón que os prezos públicos serán fixados por decreto, a proposta da consellería de que dependa o órgano ou entidade oferente.

O artigo 264, número 1, do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 27/2011, de 5 de decembro, establece que o servizo público de salvamento da vida humana na mar e da loita contra a contaminación do medio mariño prestarase pola Administración Xeral do Estado, así como polas restantes Administracións públicas competentes, de acordo co principio de coordinación, instrumentado a través dos plans e programas correspondentes, e que estes contemplarán de forma integrada as actuacións de cada Administración, así como os medios para desenvolverlas con independencia da súa titularidade, da súa adscrición funcional ou da súa localización territorial.

O número 5 do mesmo artigo dispón que corresponde ás Comunidades Autónomas que a teñan asumida como competencia propia nos seus respectivos Estatutos de Autonomía a execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo nas augas territoriais correspondentes ao seu litoral, na que se entende incluída en todo caso a potestade sancionadora.

Tal é o caso de Galicia, que no artigo 29, nos números 3 e 4, do seu Estatuto de Autonomía establece que corresponde á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo, así como en materia de verquidos industriais e

contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ao litoral galego.

Por outra banda, o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante dedica o capítulo III do seu título III á Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima, que ten por obxecto a prestación dos servizos públicos de salvamento da vida humana na mar, e da prevención e loita contra a contaminación do medio mariño, a prestación dos servizos de seguimento e axuda ao tráfico marítimo, de seguridade marítima e da navegación, de remolque e asistencia a buques, así como a daqueles complementarios dos anteriores.

A Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, atribúe á consellería competente en materia de pesca, nos seus artigos 119 e 125, a competencia nas materias de apoio á flota pesqueira, de prestación dos servizos de busca, rescate e salvamento marítimo, así como da prevención e loita contra a contaminación do medio mariño.

O Servizo de Gardacostas de Galicia, creado como servizo público pola Lei 2/2004, do 21 de abril, desenvolve as competencias de execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña, sendo a Comunidade Autónoma de Galicia a única que dispón deste servizo operativo **todos os días do ano durante as 24 horas**, dispoñendo de medios aéreos, marítimos e terrestres, que orixinan cuantiosos custes para a Administración.

O 13 de xuño de 2012 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o Decreto 130/2012, do 31 de maio, polo que se establecen os prezos públicos polos servizos de rescate prestados por esta consellería, que ten por obxecto a fixación dos prezos públicos que se deben satisfacer pola prestación de servizos asistenciais por parte do Servizo de Gardacostas de Galicia segundo as normas e supostos de feito reflectidos no decreto e na contía que se sinalaba no seu anexo.

Á día de hoxe, dada a ampla experiencia adquirida polo tempo transcorrido e polos expedientes tramitados ao abeiro do Decreto 130/2012, do 31 de maio, considérase que existen razóns suficientes que xustifican a elaboración dunha nova disposición.

Por unha parte, os supostos de feito que permiten o cobro de prezos públicos relacionados no artigo 2 do Decreto 130/2012, do 31 de maio,



son moi limitativos e non representan a maior parte das intervencións para as que é requirido o Servizo de Gardacostas. Por este motivo no novo decreto enuméranse só as actividades que están excluídas do pago dos prezos públicos, evitando desta xeito recoller unha relación exhaustiva dos supostos de feito que poden dar lugar á asistencia, que podería ser inexacta e incompleta.

Por outra parte, o anexo do Decreto 130/2012 establece uns prezos que no caso de actuacións de embarcacións aplícanse por día ou fracción. Na práctica comprobouse que a aplicación desta tarifa non resulta equitativa, xa que obriga ao pago do mesmo importe por actuacións de moitas horas que poden requirir servizos incluso de días completos, como en actuacións de menos dunha hora. Por este motivo considérase máis axeitado establecer os prezos por hora, para que os prezos aplicables sexan proporcionais ao tempo de servizo realmente realizado.

Por último, a disposición adicional segunda do Decreto 130/2012 prevé que os prezos públicos nel regulados se actualicen cada ano. En todos estes anos nunca se realizou tal actualización e continúan vixentes os mesmos prezos desde a data de publicación do decreto. Polo tanto, compre establecer uns novos prezos actualizados, tendo en conta tamén o incremento dos custos que supón para a administración autonómica o mantemento das actuacións de busca, salvamento marítimo e loita contra a contaminación.

Polo exposto, por proposta do conselleiro do Mar, cos informes previos da Consellería de Facenda, en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día.....,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

O presente decreto ten por obxecto a fixación dos prezos públicos a satisfacer polos servizos prestados polos medios do Servizo de Gardacostas de Galicia segundo as normas deste decreto e na contía que se sinala no seu anexo.



Artigo 2. *Actividades excluídas*

Quedan excluídas do disposto neste decreto as contraprestacións derivadas das actividades desenvolvidas polo Servizo de Gardacostas de Galicia que consistan en:

- Actuacións que constitúan prestación do servizo público de salvamento da vida humana no mar.
- Exercicios de formación e adestramento en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación.
- Prestación de servizos no caso de situacións de catástrofe ou calamidade pública, ou no caso de servizos prestados polo interese xeral e non en beneficio de particulares ou bens determinados.

Artigo 3. *Suxeitos obrigados ao pago dos prezos públicos*

1. Estarán obrigadas ao pago dos prezos públicos regulados no presente decreto as administracións públicas e as entidades do sector público institucional distintas da Administración Pública de Galicia que soliciten a activación dos medios do Servizo de Gardacostas de Galicia.

2. Cando as operacións de prevención e loita contra a contaminación do medio mariño se realicen de oficio ou a petición de terceiros interesados, xa sexan administracións públicas distintas da Administración Pública galega ou particulares, serán suxeitos obrigados ao pago os responsables do sinistro.

3. Cando a activación dos medios do Servizo de Gardacostas de Galicia sexa solicitada por persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas nos dous números anteriores, estarán obrigadas ao pago dos prezos públicos:

a) As entidades ou sociedades aseguradoras coas que a persoa física ou xurídica obrigada ao pago teña contratada unha póliza de seguro que cubra as actividades que deron lugar á activación e mobilización dos medios do Servizo de Gardacostas de Galicia.



b) As persoas físicas ou xurídicas que sexan beneficiarias da prestación do servizo.

4. A petición ou aceptación dos servizos por parte dos suxeitos obrigados ao pago presupón a súa conformidade coa contía dos prezos públicos aprobados por este decreto, que serán esixibles dende o inicio da prestación.

Artigo 4. Cálculo dos prezos públicos

1. O órgano competente liquidará os prezos públicos regulados no presente decreto, e deberá adecuarse ao que establece o Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, especificando os efectivos e medios que interviñeron e o tempo utilizado, así como o importe vixente dos prezos públicos correspondentes.

2. O tempo de servizo computarase dende o momento en que o persoal, vehículo, buque, embarcación ou aeronave do Servizo de Gardacostas de Galicia se pon a disposición da persoa peticionaria do servizo ata o seu retorno ao punto de orixe.

As fraccións horarias calcularanse proporcionalmente ao tempo de servizo realmente realizado.

3. Os servizos cancelados por decisión da persoa peticionaria, unha vez iniciado o servizo, serán aboados de acordo co tempo investido dende o comezo da prestación ata o retorno dos medios á súa base.

4. O material anticontaminación empregado, deteriorado no transcurso da operación ou que sexa funxible, así como a limpeza dos medios utilizados, será aboadado en relación ao seu prezo de mercado pola persoa peticionaria do servizo ou pola causante da contaminación.

5. O órgano competente para liquidar os prezos públicos regulados no presente decreto, ademais de cumprir con todos os requisitos e elementos esixidos pola normativa vixente, deberá especificar os efectivos e medios que interviñeron e o tempo utilizado, así como o importe vixente correspondente a cada concepto. O redondeo efectuarase por exceso ou por defecto ao segundo decimal mais



próximo, aplicándose as regras do artigo 11 da Lei 46/1998, do 17 de decembro, sobre introdución do euro.

Artigo 5. Obriga de exhibir os prezos públicos

Os vehículos, buques, embarcacións e helicópteros do Servizo de Gardacostas exhibirán, en lugar de fácil acceso e para a súa consulta polas persoas usuarias, un exemplar dos prezos públicos aprobados por este decreto vixentes cada ano.

Disposición adicional primeira. Xestión, liquidación e recadación dos prezos públicos

A xestión, liquidación e recadación dos prezos públicos establecidos neste decreto axustarase ao disposto na normativa vixente.

Disposición adicional segunda. Actualización dos prezos públicos

Os prezos públicos regulados neste decreto actualizaranse o 1 de xaneiro de cada ano, na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC, base 2006), no mes de outubro, calculado polo Instituto Nacional de Estatística. Os prezos así actualizados deberanse facer públicos mediante resolución da persoa titular da Consellería do Mar que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

Queda derogado o Decreto 130/2012, de 31 de maio, polo que se establecen os prezos públicos polos servizos de rescate prestados por esta consellería, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Facúltase á persoa titular da Consellería do Mar para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela.....

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

Alfonso Villares Bermúdez
Conselleiro do Mar



ANEXO

Prezos públicos das actividades de salvamento e loita contra a contaminación

Medios humanos e materiais do Servizo de Gardacostas de Galicia:

a) Medios humanos mobilizados: 37 euros/hora por persoa

b) Medios materiais (por unidade):

- Vehículos: 175 euros/día ou fracción

- Helicóptero11.200 euros/hora

- Embarcacións

= ou > 20 metros de eslora total 750 euros/hora

< 20 metros de eslora total 300 euros/hora

- Barreiras oceánicas..... 3.000 euros/día ou fracción

- Barreiras portuarias.....1.500 euros/día ou fracción

- Bombas de achique.....500 euros /día ou fracción

- Skimmers.....500 euros/día ou fracción

- Xestión de residuos.....120 euros/m³ ou fracción